



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓN MUNICIPAL DIRIXIDA ÁS ENTIDADES DEPORTIVAS PARA O ANO 2024 DO CONCELLO DE BETANZOS.

BASES REGULADORAS DE SUBVENCIONS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES DEPORTIVAS EXERCICIO 2024

Dentro do labor de fomento e apoio ás iniciativas das entidades sen ánimo de lucro que ten atribuído o Concello de Betanzos, convócanse as presentes axudas na área de Deporte, para o exercicio 2024.

1.- FINALIDADE E OBXECTO.

O Concello de Betanzos quere, pola presente convocatoria, dar apoio ás entidades deportivas e contribuír para que acaden os obxectivos que lles son propios, fomentar a participación da cidadanía en cada ámbito de actuación, contribuíndo, deste xeito, a impulsar a igualdade e a democratización da sociedade.

En canto ás subvencións ás entidades deportivas, a presente convocatoria márcase obxectivos de carácter xeral como a participación en competicións de ámbito federado, a mellora da xestión e organización de actividades deportivas mediante a concesión de subvencións en concorrencia competitiva. Son prioritarias nesta convocatoria as accións tendentes a impulsar o desenvolvemento das citadas actividades federadas, fomento do deporte de base e o fomento do deporte escolar.

Destinaranse 62.000,00 euros ás subvencións para actividades deportivas con cargo á aplicación orzamentaria 341/489.00.

O período para realizar actividades subvencionables é do 1 de xaneiro de 2024 ao 5 de decembro de 2024.

2.- RÉXIME XURÍDICO.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de administración local de Galicia.
- Real D.L. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.
- Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Betanzos, publicada no BOP número 22 de 2 de febreiro de 2022.
- Ordenanza para o impulso da lingua galega do Concello de Betanzos aprobada no BOP número 240 de 21 de decembro de 2016.
- Bases de execución do orzamento para o ano 2024.

3.- BENEFICIARIOS.

Poderán optar aos programas contidos na presente convocatoria as entidades que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar legalmente constituídas e coa documentación actualizada.
- Carecer de fins de lucro.
- Desenvolver as súas actividades no ámbito territorial do Concello de Betanzos ou sobre temas de interese para o Concello.
- Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida, na convocatoria anterior, polo Concello de Betanzos, salvo que se lle concedese excepcionalmente prórroga ou ben tivese desistido, ou xustificando a non presentación, se o proceso está rematado.
- Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións nin dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

- Estar ao día nas súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria Estatal e Autonómica, coa Seguridade Social e co Concello, e nas súas obrigas legais co persoal que preste servizos para as entidades solicitantes.

4.- CONDICIÓNS E OBRIGAS.

- A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva.
- As entidades beneficiarias das subvencións quedan obrigadas a facer constar a colaboración e patrocinio prestado polo Concello de Betanzos en toda a información (impresa, informática e audiovisual) que se faga das actividades subvencionados e na súa páxina web.
- Con carácter xeral a subvención solicitada nunca superará o 80% do orzamento de gastos presentado.
- Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da axuda de acordo coa memoria presentada.
- Xustificar ante o órgano concedente ou Entidade colaboradora, no seu caso, o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou goce da subvención.
- Someterse ás actuacións de comprobación, a efectuar polo órgano concedente ou a Entidade colaboradora, no seu caso, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, achegando tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- Comunicar ao órgano concedente ou á Entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- Acreditar, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución, que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, en todo caso, poderase acreditar ao Concello a obter devanditos datos.
- Dar a axeitada publicidade de carácter público do financiamento de programas, actividades, investimentos ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención, nos termos regulamentariamente establecidos. Facer constar, naquelas actividades subvencionadas que así o permitan, que as mesmas contan con subvención do Concello de Betanzos, coa expresión “colabora o Concello de Betanzos” ou de maneira visible o escudo e lenda “Concello de Betanzos”.
- Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados, nos termos esixidos pola Lexislación mercantil e sectorial, aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- Xustificar o gasto realizado de acordo co previsto nas presentes bases.
- Se se estivese en curso dalgunha das causas de reintegro, deberase proceder ao reintegro da contía recibida.

5.- PRAZO E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES. DOCUMENTACIÓN.

As solicitudes, formularanse no modelo que figura como anexo desta convocatoria e presentaranse unicamente por medios electrónicos a través do formulario de solicitude normalizado da sede electrónica municipal. (sede.betanzos.gal)

Os anexos necesarios para completar a solicitude desta axuda estarán dispoñibles para descarga na páxina web municipal (sede.betanzos.gal), xunto co resto de información relacionada coa convocatoria.

O texto da convocatoria e a información requirida será incluída de maneira previa na Base de Datos Nacional de Subvenciones. A BDNS dará traslado ao BOP de A Coruña o extracto de la convocatoria para su publicación.

O prazo de presentación de solicitudes comezará ao día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e terá unha duración máxima de quince días hábiles.

Cando o órgano instructor reciba algunha solicitude incompleta, requirirá as entidades solicitantes dando un prazo de 10 días hábiles que contará dende o día seguinte ao da notificación do requirimento (artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas). Se a entidade requirida non respondese ao requirimento de emenda, entenderase que desiste da súa solicitude.

Achegarase á solicitude a seguinte documentación



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

5.1.- Documentación xeral da entidade a efectos da solicitude.

- Presentación do modelo normalizado que será asinado polo seu presidente ou por quen teña conferida a delegación, que debe incluír os puntos seguintes:
- Fotocopia da tarxeta do CIF da entidade e do NIF do representante.
- Certificado expedido polo Secretario/a da Asociación, acreditativo do acordo adoptado polo órgano de Goberno, polo cal se decide solicitar a subvención.
- Declaración de que é unha entidade sen ánimo de lucro.
- Certificados de estar ao corrente das súas obrigas coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Seguridade Social e co Concello ou autorización para obter a información, e nas súas obrigas legais co persoal que preste servizos para as entidades solicitantes, o cal non terá ningunha clase de vínculo nin relación laboral co Concello de Betanzos. Ou declaración de que non está obrigada a presentar declaracións ou documentos a que se refire o artigo 22 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións respecto das obrigas Tributarias e coa Seguridade Social.
- Declaración responsable de que para os mesmos fins que os da subvención concedida polo Concello non se obtivo ningunha subvención. Ou acreditación das contías destinadas a cada subvención.
- Declaración responsable do representante de que a entidade non está incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, ni dos supostos de incompatibilidade ou incapacidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas e de aceptación das bases da convocatoria. E que está ao corrente n o cumprimento das obrigas de reintegro do artigo artigo 25 do Regulamento que desenvolven a Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.
- No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores de idade, a certificación de que comprobou que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e a indemnidade sexual, que inclúe a agresión e o abuso sexual, o acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como trata de seres humanos. Igualmente, para o persoal que se incorpore con posterioridade ás actividades subvencionadas, compromiso de facer a comprobación a que se refire este apartado.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

- No caso de que a realización das actividades **non** implique o contacto habitual con menores de idade, deberán achegar unha certificación da entidade neste senso.
- Declaración do emprego da lingua galega na presentación, desenvolvemento e difusión social do proxecto.
- Certificado de conta bancaria.
- Acreditación da representación como presidente/a ou secretario/a.
- No caso de que a documentación sexa enviada por unha persoa diferente da anterior será necesario que mande a correspondente autorización.

5.2.- Documentación específica da subvención en función da tipoloxía da entidade.

- a. Modelo de solicitude da sede electrónica (sede.betanzos.gal).
- b. Memoria de actividades para as que se solicita a axuda
- c. Declaracións responsables (que inclúe o certificado de acordo da entidade para solicitar a axuda e a designación da persoa representante).
- d. Memoria económica dos proxectos para os que se solicita a axuda.
- e. No caso de deporte federado: Certificación expedida pola Federación respectiva, na que se especifique:
 - Número de licencias en activo, por categorías, durante a tempada 2023-24.
 - Equipos en categorías inferiores durante a tempada 2023-24.
 - Participación do club nas ligas e categorías para a tempada 23-24
- f. Calendario da competición dos equipos da entidade durante a tempada 2023-24.
- g. Certificado do secretario da entidade do número de socios/as da actualizado.

Atendendo o principio de interoperabilidade os cidadáns non teñen que achegar os datos e documentos que obren en poder das Administracións Públicas.

5.3 .- Documentación xustificativa da subvención.

Deberá presentarse partir do día seguinte á publicación da resolución de concesión definitiva das subvencións na sede do Concello de Betanzos e debidamente notificado por medios electrónicos.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

O prazo para a xustificación das subvencións rematará o 16 de decembro de 2024, ás 14:00 horas. O defecto, erro ou ausencia na presentación da documentación deberase solucionar no prazo de dez días naturais dende a recepción do requirimento. O presuposto subvencionado a xustificar será o importe total da subvención concedida.

A documentación remitida será a seguinte:

a. Relación clasificada dos gastos realizados, asinada polo/pola secretario/secretaria da entidade, co visto e praxe do seu/súa presidente/a e con identificación dos/das acredores/as (nome da empresa e CIF ou, de ser o caso, nome, apelidos completos e NIF), dos conceptos de gasto (finalidade, nº de factura ou documento equivalente, importe e data de emisión), e data de pagamento. Para cada gasto xustificado deberá quedar claramente descrito no campo de concepto a actividade específica para o que foi destinado. Para cada gasto xustificado deberá quedar claramente descrito no campo de concepto a actividade específica para o que foi destinado e a súa relación co obxecto da subvención.

b. Xustificantes do gasto: achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. As facturas deberán estar emitidas a nome da entidade beneficiaria da axuda.

c. Xustificantes de pago: as facturas ou documentos xustificativos deben estar efectivamente pagados. A documentación que se require para acreditar o pago é a seguinte:

· Pagamento por transferencia: resgardo da transferencia realizada, emitido pola entidade financeira.

· Pagamento por domiciliación bancaria: resgardo da entidade financeira do débito na conta da entidade beneficiaria.

· Pagamento por cheque: copia do cheque emitido a nome do/a provedor/a acompañado de xustificante de cargo do mesmo na conta da entidade beneficiaria.

. No caso de que as facturas sexan pagadas en efectivo é preciso que sexa inferior os 1.000,00 euros, tal e como se esixe na lei e deben ser asinadas e cuñadas polo establecemento de facturación.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

· No caso de gastos de persoal: deberase presentar a xustificación do pago das cotizacións á Seguridade Social, a xustificación do pagamento das retencións por concepto de IRPF e a xustificación do pago da nómina, a través de calquera das formas descritas nos apartados anteriores. Os gastos xustificadas deberán axustarse aos conceptos aprobados no presuposto inicial, e con carácter xeral non se admitirán como xustificantes facturas de bebidas alcohólicas, tabaco ou calquera outro produto considerado lesivo para a saúde.

O orzamento subvencionado a xustificar será o importe total da subvención solicitada, é dicir o total do presentado na solicitude, xa que só se financiará como máximo o 80%.

d) Certificados de estar ao día coa Seguridade Social, AEAT, ATRIGA ou autorización para a obtención dos mesmos.

e) Declaración acreditativa do secretario de que se cumpriu a finalidade para a que se concedeu a subvención.

6. GASTOS SUBVENCIONABLES

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que respondan á natureza da actividade subvencionada, non teñan carácter de investimentos e se realicen no exercicio 2024.

Seguros de responsabilidade civil e accidentes, gastos federativos (inscricións, licenzas e mutualidade), co correspondente certificado federativo, arbitraxes en competicións oficiais, con certificados ou facturas da federación, gastos de recoñecemento previo, atención médica e fisioterapia, avituallamiento, imprenta, serigrafía, trofeos.

Gastos de mantemento (aluguer, luz, auga, teléfono, consumibles, oficina) transporte*, aloxamento*, manutención*, dietas*, combustible*.

*Unicamente para desprazamentos vinculados directamente coa actividade: traslado a competicións, por medio de facturas, acompañados do calendario oficial de competicións. Factura correspondente ao medio empregado o igual que o correspondente xustificante bancario.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

7.- COMISIÓN E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A concesión das subvencións realizarase mediante réxime de concorrencia competitiva e será aprobada por resolución da alcaldía, e segundo o procedemento Concesión provisional/definitiva previsto nas bases desta convocatoria.

Para a revisión das solicitudes, o baremo e puntuación destas, crearase unha comisión técnica, que estará composta por tres persoas expertas e de recoñecida traxectoria no ámbito do deporte obxecto desta convocatoria, que non teñan relación con ningún dos solicitantes nin relación directa cos proxectos que se poidan presentar.

Esta comisión poderá propoñer a exclusión de solicitudes por inadecuación argumentada destas ou falta de calidade mínima dos proxectos para os que se solicita a axuda.

A selección das peticións e a contía das subvencións determinarase despois da consideración dos proxectos, de acordo cos baremos establecidos nesta convocatoria. Polo que debe detallarse o orzamento total e a cantidade que representa o 80%.

Quedarán excluídas aquelas solicitudes que non acaden un mínimo de 40 puntos. A entidade deberá completar todos os apartados das plantillas da Memoria, para posibilitar a adecuada valoración das solicitudes.

Non se terán en conta para o baremo -nin se fará requirimento deles- aqueles aspectos do Dossier e da Memoria non acreditados ou non informados debidamente pola entidade solicitante.

7.1- Valoración das solicitudes.

A selección das peticións e o importe das subvencións determinarase despois da consideración das actividades que se van realizar, de acordo cos seguintes criterios e baremos, ata un total máximo de 100 puntos:



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

1.- *Número de licenzas* (Máximo de 40 puntos).

Incluiranse no cómputo as licenzas dos técnicos deportivos e adestradores. Acreditarase mediante certificado da federación correspondente relativo á tempada 2023/24.

2. *Fomento de deporte de base. Licencias de menores de 18 anos* (máximo 20 puntos).

3.- *Asentamento no Concello de Betanzos (número de anos con actividade fundamental desenvolta no termo municipal)*. (Máximo 5 puntos)

4.- *Masa social non deportista*:

Acreditarase mediante certificación do secretario da entidade do número actualizado de socios/as. Máximo 10 puntos.

5.- *Colaboración co Concello e a Concellería de Deportes Educación e Xuventude en actividades deportivas desenvoltas por estes*. (Máximo 2,5 puntos)

6.- *Participación da entidade en competicións ou ligas* (Máximo 20 puntos).

Deberá presentarse certificación das federacións competentes da participación do club nas ligas e categorías para a tempada 23/24

7.- Representación mínima do 33% de mulleres na Xunta directiva: (Máximo 2.5 puntos).

8.- RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN

A resolución definitiva notificarase electronicamente ás entidades beneficiarias e se abre un prazo de alegacións de 10 días hábiles a partir do día da recepción.

Redúcese os prazos e trámites recollidos na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Betanzos debido a momento actual do exercicio orzamentario.

O acto de resolución da subvención esgota a vía administrativa. De acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

Públicas, contra dita resolución poderá interperse recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno deste Concello, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte da recepción da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de A Coruña, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

9. PAGAMENTO

Na solicitude da subvención poderá solicitarse o pagamento anticipado do 80% da contía da axuda concedida. A solicitude do anticipo efectuarase de forma expresa no momento da solicitude.

No artigo 17.3 letra k) da Lei Xeral de Subvencións no que se recolle que a norma reguladora das bases de concesión das subvención concretará, como mínimo, os seguintes extremos: “*k) Posibilidade de efectuar pagos anticipados e abonos a conta, así como o réxime de garantías que, no seu caso, deberán achegar os beneficiarios .*”

O igual que o artigo 34.4 do mesmo texto normativo que no seu tenor literal di: “*(...) Tamén se poderán realizar pagos anticipados que supoñerán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Dita posibilidade e o réxime de garantías deberán preverse expresamente na normativa reguladora da subvención.*

(...)

A realización de pagos a conta ou pagos anticipados, así como o réxime de garantías, deberán preverse expresamente na normativa reguladora da subvención. “

O réxime das garantías que teñan que constituír os beneficiarios ou as entidades colaboradoras establecerase regulamentariamente, tal e como se recolle no artigo 21 da Lei Xeral de Subvencións.

O artigo 45 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no referente a esixencia de garantías en Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

pagos a conta ou anticipados, establece que “ de acordo con o establecido no artigo 17 da Lei, cando as bases reguladoras contemplan a posibilidade de realizar pagos a conta ou anticipados, poderán establecer un réxime de garantías dos fondos entregados. “

O importe da garantía debe constituírse segundo o recollido no artigo 46 da mesma regulación. Conforme ao artigo 42.2 d) do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, para a concesión dos pagos anticipados, non se esixirá a presentación de garantías por parte das entidades beneficiarias das subvencións que teñan a condición de entidade non lucrativa.

No caso de que se solicite o anticipo, o pago do 20 % restante, efectuarase á vista da documentación xustificativa presentada e despois dos informes da Sección de Deportes e do Servizo de Intervención, o órgano competente valorará o cumprimento das actividades subvencionadas e se a documentación é correcta, procederase ao pagamento restante.

No caso de non solicitarse o anticipo, a totalidade da subvención, efectuarase á vista da documentación xustificativa presentada e despois dos informes da Sección de Deportes e do Servizo de Intervención, o órgano competente valorará o cumprimento das actividades subvencionadas e se a documentación é correcta, procederase ao pagamento.

Para o cobro da subvención as entidades deberán achegar acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social, mediante certificado expedido polos órganos competentes das ditas administracións. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta sinalada pola entidade.

10. PERDA DO DEREITO AO COBRO DA SUBVENCIÓN

O dereito ao cobro da subvención perderase no caso de que non se xustifique o cumprimento do proxecto, das condicións impostas na resolución definitiva, das obrigas recollidas nestas bases reguladoras, das obrigas contidas no art. 33 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a Lei 38/2003, Xeral de Subvención, ou na normativa aplicable. Esta situación suporá a obriga de



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

devolver total ou parcialmente o anticipo percibido, así como os xuros de demora correspondentes.

O dereito ao cobro da axuda concedida perderase, coa apertura dun expediente sancionador, nos seguintes casos:

- Obter a subvención sen reunir as condicións requiridas.
- Non comunicar ao Concello de Betanzos a obtención doutras subvencións ou axudas para os mesmos conceptos subvencionados nesta convocatoria.
- Non comunicar ao Concello de Betanzos a modificación das circunstancias que fundamentaron a concesión da subvención.
- Non xustificar o cumprimento dos requisitos e das condicións da subvención nin xustificar a realización da actividade e a finalidade subvencionadas.
- Non permitir as actuacións de comprobación que precise o Concello de Betanzos, así como calquera outra actuación de comprobación e control financeiro que poidan realizar a Intervención Municipal, o Tribunal de Contas ou o Consello de Contas.
- Non dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente comprobados, nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso.
- Non acreditar estar ao día nas obrigas fiscais, coa Seguridade Social e coa Comunidade Autónoma”.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo caso o non disposto nestas bases seranlle de aplicación a esta convocatoria e ás subvencións que se concedan ao seu abeiro, o disposto na normativa de subvencións aplicable á administración local, así como na lexislación vixente en materia do procedemento administrativo común das administracións públicas. O igual que o disposto na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, o seu regulamento así como a Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Betanzos.

As presentes bases e cantos actos administrativos se deriven das mesmas, poderán ser impugnados polas persoas interesadas nos casos e na forma prevista na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.